



CONCELLO DE PORTAS
(PONTEVEDRA)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161

Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

BASES DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE-CONCURSO DO ENTROIDO 2026 EN PORTAS

1º- INSCRICIÓN

O Concello de Portas organiza o Desfile-Concurso de Entroido 2026 o día **1 de marzo ás 17 horas** na Azucreira de Portas.


O Prazo de inscrición comeza o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes de inscrición (ANEXO I e ANEXO II) poderanse entregar por sede electrónica (<https://portas.sedelectronica.gal/info.0>) ou presencialmente no **Concello de Portas** ata o venres **27 de febreiro ás 13:00h** (non se admitirán inscricións fora de prazo). Os participantes tamén poderán informarse a través dos teléfonos do Concello (986 53 61 61 ext 2/ 986 53 69 25)

2º- PERCORRIDO

A saída do desfile será ás **17:00h** dende a zona sinalada no Mapa e rematará na Azucreira de Portas, despois de facer o percorrido marcado polas frechas amarelas do mapa.

O día do desfile estará Protección civil dende as 15:00h organizando a entrada de vehículos participantes no desfile.





CONCELLO DE PORTAS
(PONTEVEDRA)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161

Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

3º- REQUISITOS para participar no concurso:

- Presentar a solicitude (ANEXO I) e declaración responsable (ANEXO II) no prazo establecido.
- No transcurso do desfile o concursante deberá colocar o número que se entrega de maneira visible para que o xurado poida tomar nota.
- Estar puntualmente no lugar da saída do desfile ás 16:30h.

4º- As MODALIDADES que poderán participar no concurso serán:

- **Comparsas:** Estarán formadas por un grupo de persoas con música propia (músicos tocando en directo).
- **Grupos de 20 ou máis persoas:** Estarán formados por un grupo de 20 ou máis persoas que **non** leven música propia. (poden levar música gravada)
- **Grupos de 3 a 19 persoas:** Estarán formados por un grupo de mínimo 3 persoas e un máximo de 19 persoas que **non** leven música propia. (poden levar música gravada)
- **Grupo Infantil:** estará formado por un grupo de máis de 3 persoas infantís (a maioría dos participantes deben ser menores de 15 anos)
- **Parellas Adultas:** Estarán formadas por dúas persoas de 16 anos ou maiores.
- **Parellas Infantís:** Estarán formadas por dúas persoas de 15 anos ou menores.
En caso de parellas con membros que coincidan en categoría infantil e adulto serán incluídos na categoría de adultos
- **Individuais Adultos:** estarán formados por todas aquelas persoas de 16 anos ou maiores que se presenten de maneira individual.
- **Individuais Infantís:** estarán formados por todas aquelas persoas de 15 anos ou menores que se presenten de maneira individual.
- **Premios especiais:** Nesta categoría competirán tódalas modalidades participantes no concurso (sen necesidade de especificalo na solicitude)

5º -O XURADO

O Xurado estará composto por membros das Asociacións Culturais do Concello nomeadas pola Concellería de Cultura.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberá prestar atención ás seguintes cuestións: vestuario, orixinalidade, coreografías, presenza de elementos complementarios, harmonía, simpatía...

A decisión do xurado é inapelábel.





CONCELLO DE PORTAS
(PONTEVEDRA)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161

Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

6º-CUALIFICACIÓN:

- A cualificación de cada unha das modalidades será determinada polo xurado.
- Cada membro do xurado cualificará de 1 (mínima puntuación) a 5 (máxima puntuación) cada modalidade. No caso de empate, procederase a unha segunda puntuación.
- A entrega de premios terá lugar o mesmo día da celebración do desfile unha vez feita a avaliación polo xurado.
- O xurado poderá determinar **deserto** algúns dos premios.

7º-PREMIOS

MODALIDADES	1º	2º	3º	4º
COMPARSAS	300 €	150 €	100 €	
GRUPOS de 20 ou máis persoas	300 €	200 €	120 €	70€
GRUPOS de 3 a 19 persoas	250 €	150 €	100 €	50 €
GRUPOS infantís	250 €	150 €	100 €	50 €
PARELLAS adultos	120€	90 €	70 €	
PARELLAS infantís	120€	90 €	70 €	
INDIVIDUAIS adultos	100 €	70 €	50 €	
INDIVIDUAL infantil	100 €	70 €	50 €	
PREMIOS ESPECIAIS				
ORIXINAL		50 €		
RECICLADO		50 €		
MARCHOSO		50 €		
ARTÍSTICO		50 €		
TOTAL PREMIOS: 3.540 € €				

8º- PARTICIPACIÓN e AUTORIZACIÓNS

A presentación das solicitudes supón a aceptación íntegra das bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas e a aceptación incondicionada de:

- A autorización ao concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos dos concursantes e premiados, así como fotografías e vídeos dos mesmos no desfile concurso e na entrega de premios.
- A publicación dos datos persoais dos premiados e dos importes dos mesmos na Base de Datos Nacional de Subvencións de conformidade coa lexislación vixente.





CONCELLO DE PORTAS
(PONTEVEDRA)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161

Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

9º- PAGO DOS PREMIOS

O pago dos premios efectuarase con posterioridade ao concurso, a través de transferencia bancaria. A estes efectos, os gañadores deberán entregar o **ANEXO III** xunto con:

- **certificación bancaria,**
- **certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte da Axencia Tributaria, Seguridade Social e ATRIGA.**
- **copia do DNI**
- copia do **diploma acreditativo** do premio.

O aboamento dos premios realizarase a nome da persoa que formulara a solicitude de participación. Para o cobro dos premios infantís, terá que aportar os datos dun adulto como representante

Antes do pago deberá acreditarse que a persoa gañadora non ten débedas ca Seguridade Social, AEAT, ORAL, ATRIGA ou co Concello (O concello comprobará o cumprimento das obrigas ca facenda local).

A entrega de xustificantes dos premios no Concello, deberá facerse antes de 30 días naturais, contados a partir do día do desfile. De non cumprir este prazo, entenderase a renuncia a dito premio.





CONCELLO DE PORTAS
(PONTEVEDRA)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161

Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

ANEXOS I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE-CONCURSO DO ENTROIDO 2026

NOME E APELIDOS do participante/representante:									
AGRUPACIÓN/ASOCIACIÓN (de ser o caso):									
CIF:									
RÚA/LUGAR: Nº									
C.P:	CONCELLO:								
PROVINCIA:	DNI:								
TELÉFONO:	EMAIL:								
CATEGORÍA: Marca a que proceda: <table border="0" style="width: 100%;"><tr><td>☐ COMPARSAS</td><td>☐ PARELLA ADULTA</td></tr><tr><td>☐ GRUPOS 20 ou máis</td><td>☐ PARELLA INFANTIL</td></tr><tr><td>☐ GRUPOS de 3 a19</td><td>☐ INDIVIDUAL ADULTO</td></tr><tr><td>☐ GRUPO INFANTIL</td><td>☐ INDIVIDUAL INFANTIL</td></tr></table> Nº participantes: _____		☐ COMPARSAS	☐ PARELLA ADULTA	☐ GRUPOS 20 ou máis	☐ PARELLA INFANTIL	☐ GRUPOS de 3 a19	☐ INDIVIDUAL ADULTO	☐ GRUPO INFANTIL	☐ INDIVIDUAL INFANTIL
☐ COMPARSAS	☐ PARELLA ADULTA								
☐ GRUPOS 20 ou máis	☐ PARELLA INFANTIL								
☐ GRUPOS de 3 a19	☐ INDIVIDUAL ADULTO								
☐ GRUPO INFANTIL	☐ INDIVIDUAL INFANTIL								
NOME DO DISFRAZ:									
COMENTARIO SOBRE O DISFRAZ:									
<u>NO CASO DE MENORES</u>									
Nome do Responsable:	DNI:								
☐ Acepto as condicións establecidas nas bases do Desfile-Concurso ☐ Acepto a publicación de fotos e vídeos do disfraz presentado no desfile									
DATA DE PRESENTACIÓN:	SINATURA:								





CONCELLO DE PORTAS
(PONTEVEDRA)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a
con DNI en representación de
..... con CIF:
e domicilio en :

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos esixidos por esta, incluídos os de atoparse ao corrente de todas as obrigas tributarias local, autonómica e estatal e coa Seguridade Social, e que son certos todos os datos que constan nela.
- Que non me atopo inhabilitado/a nin estou incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

En Portas, a de de 2026

Asdo.....





CONCELLO DE PORTAS
(PONTEVEDRA)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

ANEXO III **ENTROIDO 2026**

SR. TESOUREIRO DO ILMO. CONCELLO DE PORTAS:

Ingresa no número de conta seguinte, a cantidade de€ correspondente
ao.....premio na categoría de..... a:

Nome e apelidos:		N.I.F
En representación de:		C.I.F
Enderezo		Poboación:
CP:		Provincia:
Teléfono:	Email:	
Nº de código IBAN:		
O Ilmo. Concello de Portas, comprométese a respectar a confidencialidade de información facilitada de carácter persoal e a garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación de dita información		

Portas,de de 2026

Asdo.....

IMPORTANTE: O /A premiado/a deberá achegar **este xustificante cuberto, certificación bancaria**, certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias (Axencia tributaria, ATRIGA e Seguridade Social,) **copia do DNI e do diploma do premio**, no rexistro do concello en persoa (de luns a venres de 9 a 13h), ou por rexistro electrónico (<https://portas.sedelectronica.gal>), antes dos 30 días naturais contados a partir do día do desfile.

